

SIMONE de BEAUVOIR

A filósofa francesa Simone de Beauvoir (1908-1986) foi unha das intelectuais críticas máis activas na escea política de metade do século XX. Formou parte dos tribunais que xuzgaron os crímenes de guerra cometidos polos estadounidenses en Vietnam e participou no Maio do 68 francés. Na universidade da Sorbona, onde estuda Filosofía e Matemáticas, coñece ao filósofo existencialista Jean Paul Sartre, que será a súa parella.

Na súa obra *Para unha moral da ambigüidade* (1947) aparece a cuestión existencialista, que consiste en **asumir a responsabilidade do noso proxecto vital**. Presenta así o problema da liberdade á vez que propón unha nova ética que leve a un compromiso entre o suxeito e o mundo.

O **existencialismo** foi un movemento filosófico iniciado no século XIX polo pensador danés Søren Kierkegaard, e desenvolto no XX fundamentalmente polo filósofo alemán Martin Heidegger e o francés J.P. Sartre. Puxo no centro da reflexión a vida e a existencia do ser humano individual, singular e concreto que as guerras destruíran e as filosofías tradicionais como o idealismo ou o racionalismo olvidaran para daren prioridade ao mundo das esencias, obxectivo, universal e necesario. Frente a esta corrente que rexeitan, os existencialistas retoman o vitalismo de Nietzsche. A angustia e o pesimismo do marco histórico marcan profundamente esta corrente filosófica.

O problema central para eles é o da **liberdade**: porque son libre poden decidir quen quero ser e como quero vivir. Desde a nosa liberdade como individuos temos que asumir a responsabilidade que conleva a tarefa de realizar a nosa existencia. A autora pon o acento na ambigüidade propia da existencia e o absurdo da vida, pero en contraposición ao matiz nihilista, entre outros de Albert Camus, di que o feito de que non exista un sentido nun primeiro momento non quere dicir que non sexa posible acadalo, senón que hai que ir conquistándoo continuamente.

Na súa obra *O segundo sexo* (1949), Simone de Beauvoir, aborda o existencialismo desde a tarefa de definir á muller como quen se define a si mesma para poder asumir a responsabilidade de realizar a súa existencia. As principais teses son:

***“A muller faise, non se nace”**. As mulleres deben liberarse dos prexuízos tanto biolóxicos como culturais que lles son asociados. Por exemplo, o “destino biolóxico” e a súa tarefa primordial de ser nai, que debe ser unha elección persoal e non a realización de un “instinto natural”. O mesmo acontece co feito de ser esposa, que se presenta como a máxima expectativa que se espera de ela para cumprir o seu papel na sociedade. En conclusión, as súas características biolóxicas ou as expectativas sociais non poden marcar *a priori* como debe vivir a súa vida.

***O concepto de alteridade** (o outro) co que foi definida a muller ao longo da historia (todo o que non é home) e usando adxectivos con connotacións negativas (por exemplo, “sexo débil”). A muller tense construído desde unha lóxica de opostos: o positivo para o varón, o negativo para ela. Se o home é forte e valente, a muller é débil e temerosa.

*A muller debe asumir a tarefa a nivel individual de se definir e **facerse a si mesma**. Trátase dun problema de identidade, de dar o paso da definición desa muller como suxeito colectivo en loita pola súa emancipación a suxeito individual que crea o seu propio destino. Ata o momento, as identidades propostas a nivel cultural son de minoría ou de ausencia, a muller debe decatarse disto e ver que esa identidade proposta é ficticia para descubrir que a palabra muller non ten sido máis que un mero nome vacío de esencia.

A este problema da definición da identidade súmase o do descubrimento da **liberdade**, que se presenta como angustiosa ante o labor de se definir e facerse a si mesma partindo de cero. Para facerse a si mesma é fundamental recibir educación e ser independente sobre todo no plano económico.

“Se me quero definir, estou obrigada a declarar en primeiro lugar: “Son unha muller”; esta verdade constitue o fondo sobre o que se debuxará calquera outra afirmación. Un home nunca empeza considerándose un individuo dun sexo determinado: dase por feito que é un home. Se nos rexistros civís, nas declaracións de identidade, as rúbricas home ou muller aparecen como simétricas é unha cuestión meramente formal. A relación entre ambos sexos non é a de dúas electricidades, dous polos: o home representa ao mesmo tempo o positivo e o neutro, ata o punto de que se di “os homes”, “o home” para representar aos seres humanos (...) A muller aparece como o negativo, de modo que toda determinación se lle imputa como unha limitación, sen reciprocidade (...) A muller diferénciase e determínase en relación ao home, e non á inversa; ela é o inesencial fronte ao esencial. El é o suxeito, é o Absoluto: ela é a Alteridade.”

Beauvoir, S.: *O segundo sexo*, 1949